



## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

**ASUNTO:** CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SUBMINISTRO ELÉCTRICO PARA DIFERENTES PUNTOS DE CONSUMO NOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

**EXPEDIENTE:** 133/2024

Nomeados, mediante Resolución da Presidencia de data 25-09-2024, nº 2024-0140, os membros da Mesa de Contratación que se constituirá para a apertura e valoración das ofertas presentadas ao procedemento aberto simplificado, tramitado para a adxudicación da contratación do subministro eléctrico para diferentes puntos de consumo nos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento:

- Presidente: D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, por delegación, deputado provincial.
- Vocais: D. Juan Benito Ínsua López, xefe da Área Técnica do Servizo de Emerxencias do Departamento Territorial de Pontevedra-Vigo e suplente D. Miguel Ángel Pérez Dubois, xefe do servizo de Emerxencias da Xefatura Territorial de Pontevedra, D. Antonio Giráldez da Cruz, enxeñeiro técnico industrial do Servizo de Arquitectura, D. Roberto Jorge Correa e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral, xerente e secretaria-interventora, respectivamente, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Secretario da mesa: D. Gabriel Rodríguez Alonso, xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra.

A Mesa de contratación contará coa colaboración de D<sup>a</sup> Yolanda Lois Peon, funcionaria da Deputación Provincial de Pontevedra do Servizo de contratación e patrimonio e poderá estar asistida polo enxeñeiro industrial D. Antonio Capelo García, enxeñeiro industrial.

Rematado o prazo de presentación de ofertas o día 23 de setembro de 2024; esta Presidencia, ao abeiro da cláusula vixésima do Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares que rexe nesta contratación, RESOLVE:

1<sup>o</sup>/ Convocar á Mesa de Contratación na sala de comisións do Pazo Provincial para o día 11 de outubro de 2024, ás 9:30 horas, para a constitución e apertura dos sobres. Tras dito acto, na mesma sesión, a mesa procederá a:

1.<sup>o</sup> *Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas.*





2.º Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.

3.º Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

4.º Requirir á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constitúa a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e todo iso no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación.

2º/ Nomear como secretaria suplente a Dª: Rocio de Sinde Penas, técnica de Administración Xeral do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra.

3º/ Publicar a referida convocatoria no perfil do contratante do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento aloxado na Plataforma de Contratación del Sector Público <https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:perfilContratante&idBp=nxuFHTKCCNXzAq95uGTrDQ%3D%3D&pestanyaLicitaciones=f0%2FnI6E8oEQ%3D>

Manda o Sr. Presidente D. Luis López Diéguez e asina coa Sra. secretaria-interventora Dª Mª Teresa Escudero Barral.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

